

Historias sobre a velocidade e o touciño

Arias Marcal Sueiras

Aínda que son un neno non podo evitar reparar cada noite, denantes de caer vencido polo sono, nas cousas que marcaron o día que pasou, no tempo que non se detén nin cando durmimos e na velocidade coa que os acontecementos pasan, perdéndose para sempre ou permanecendo na memoria do que non esvaece!


Son centas as historias que o meu pai me conta de cando el era neno, naquela aldeíña acubillada nas ladeiras máis altas do río Bibei. Semellan pequenas curtametraxes sacadas dun imaxinario difícil de asimilar polo que ten de diferente co mundo no que eu fun nado!

Fálame de vacas vianesas, frieirasas ou alistanas-sanabresas xunxidas a uns carros cantaríns, de curros ateigados de gando ben diverso, de pallaregas colmadas de herba seca para se alimentaren durante o inverno, de casas con teito de colmo de centeu, de gadañas, de arados de pau, de magotes, de mallas, muiñadas, forxas, fusos e galochos... Cántame unha chea de sucesos, trafegos, angurias e momentos ledos de aquel modelo baseado na autosuficiencia, que fai tan só dous días desapareceu sen que el puidese facer nada por evitalo nin eu nada máis que tirar deste imaxinario para poder, en certo modo, ollalo!

O conto que máis tempo pasa polo meu maxín, de todos os que me contou é o que agora vos vou contar!

Chegou un día no que todo mudou de súpeto en Frías. As xentes deste lugar, e doutros ben afastados, comezaron a ser empregados nas obras dos numerosos encoros e saltos que por alí se construíron. Unha vez rematados decidiron irse cara as cidades procurando unha vida mellor ao amparo dun salario; en menos dun lustro a aldea do meu pai, sendo el ben neno, ficou practicamente valeira.

Apenas cantaruxaban xa catro carros, desapareceran as melodías das chocallas musicando a serra, os curros comezaran a exhalar un arrepiante ar xélido e por entre os cumios de palla deixara de emerxer o fumo de rebolo despois de quentar os lares ou curar os chourizos.



Meu avó foi dos poucos que non quixo marchar e cos cartos ganados nas obras remozou un pouco a casa, mercou unha motocicleta Derbi con alforxas para ir ás feiras e unha super bicicleta para o meu pai, que daquela tiña doce anos e nunca pasara de xogar co aro e un balón todo esfarrapado que lle agasallara o seu padriño facía xa unha chea de anos. Eran os anos oitenta e de aquela as Bertolinas e os Massey Ferguson comezaban, timidamente, a desbancar ás gadañas e ás parellas de vacas nos traballos diarios. Na nosa casa, ben, na casa de meu pai, mellor dito, as cousas non mudaron tan axiña por mor das “mutas bocas que había que manter”! É por iso que eles continuaron vivindo autosuficientemente até que meu pai cumpriu dezaoto anos e tivo que marchar para estudar lonxe!

O aseo, a lavadora, o frigorífico e maila Tv instaláronse cando papá cumprira os catorce, mais a comida, todo o que se comía seguía xirando en col dos produtos do cocho, sobre diso nada cambiara!

Conta que os almozos eran de pan miñado con leite recién muxido e fóra de aí: porco a todas horas! No xantar caldo e touciño, para merendar chourizo ou xamón, para cear xixa frita con ovos e patacas fritidas en pingo de porco. Ao día seguinte a cousa viña sendo o mesmo, salvando que ao touciño lle dese por estar acompañado de algunha bocha, ou do propio chourizo do caldo, debcentes sempre dunha boa lasca de pan negro! As androllas, os botelos e os pigureiros reservábanse para o tempo de entroido!

Nada do que meu pai me conta nace de amarguras de ningún tipo, todo ao contrario, fala de aqueles tempos dende a máis fonda ledicia e si algo de mágoa aflora nel é por conta de que todo aquel mundo fose esmorecendo sepultando, para sempre con el, unha cultura con tanta sabedoría!

Un día aventureuse ca súa bicicleta ben lonxe, máis lonxe do habitual. Colleu a estrada de Porto e traspuxo pola Portela do Barrio. Remontou as augas encoradas do Bibe e cando o riu recuperou o seu aspecto salvaxe topouse cunha aldea inaudita no medio da nada! Tiña o aspecto desas cidades que xa vira pola tele da cantina pero con unhas dimensións super reducidas, coma se dunha imaxe de postal tratara! As casas eran moi modernas mais con ese toque rústico típico que recorda ás rexións montañosas de algúns países do norte. A pequena barriada con aspecto de cidade contaba con piscina, pista polideportiva, parques de xogos, xardíns, centro de saúde, escola, un supermercado con un letreiro ben grande no que podía lerse “ECONOMATO” e mesmo con un recinto, a xeito de mini zoo, onde tiñan recluídos a varios animalíños emblemáticos da serra, de entreles a un lobo ibérico.



As nenas e nenos que ollara en aquel lugar, durante aquela tarde de lecer, vestían unhas roupas moi diferentes ás súas, xogaban con un surtido de xoguetes do máis variado e merendaban algo que non tiña o aspecto de un bocata de chourizo!

Bieito, que así se chama meu pai, chegou á casa entre fascinado e desconcertado; desexando preguntar.

-E logo, non escutaras falar de Retamales? Interpelouno Bento, meu avó.

-Non... si, si! O que pasa é que eu alí nunca estivera e non o imaxiba así!

-Ben, pois resulta que ese aldea é dese xeito porque aló moran xentes que viven de outro xeito. Verás!

Despois das obras as empresas eléctricas precisaban de persoal para atender as instalacións onde se está xerando electricidade para todo o estado. Como se precisa persoal as vinte catro horas do día e a xente non dispón de automóbiles nin de carnet para guíalos, as empresas idearon construírllelas casas á carón do posto de traballo con todas as necesidades básicas ao alcance.

-E as casas son para eles? Preguntou o neno.

-Non exactamente. Pagan unha parte do seu soldo, coma unha especie de préstamo, cos anos quedan pra eles ou pros seus fillos, que continuarán na empresa cando os seus pais se xubilen.

-E o economato, iso que é?

-Non é outra cousa que unha tenda que a empresa lles pon pra que merquen todo o que precisen, todo aquilo que antes producían cas súas propias maus nas súas leiras!

-E quen traballa aí? Interesouse o pequeno Bieito.

-Algunha xente deiquí e outra de fóra, de Castela ou de Madrí.


-Ah, é por iso que o indicador que puña “As Xesteiras” está todo esborrachado e agora puxeron un novo que dice “Retamales”?

-Veise que esa xente, dende que soltou o arado, xa non ten necesidade de repararen nos marcos, semella que non reconocen ós veciños e mesmo repudian a fala que mamaron... que sei eu!

-E porque non buscaches traballo aí, papá? ...Se vivísemos alí tería nenos e nenas cos que xogar, eiquí quedei eu só!

Meu avó ficou pensativo un anaco, como se non soubese que respostar ou como buscando a maneira de responder sen magoalo pequeno. Finalmente díxolle, envolvendo a contestación nun aceno cómico que os fixo estourar de risa a un tempo:

-Bieitiño, estamos moi ben sen os “males” de Retamales!



Non contento de todo, ao día seguinte meu pai colleu a bicicleta do trinqu e puxo rumbo de novo a aquel estrano lugar. Apostouse detrás do penedo dende o que estivera observando o día anterior. Reparou en todo de novo menos na mociña que o sorprendeu pola espalda dándolle dous golpiños no ombreiro co dedeiro, “pai de todos”, ao tempo que lle preguntaba:

-Tu quién eres? ...te he visto aquí ayer?

Bieitiño caeu de cu co susto! Quixo incorporarse e non foi quen, quedara medio paralizado e por iso constestou dende o chan, onde aínda estaba embuligado!

-Chámome Bieito, son de Frías e... quería ver de novo este sitio, é moi diferente á miña aldea... e ás aldeas todas que conozo!

-Este lugar es una mierda, un aburrimiento... una hermosa jaula diría yo, donde además las niñas y los niños no podemos jugar a lo mismo ni hacer las mismas cosas!

Aquelas palabras, por soaren tan fortes e inesperadas, deixaron uns instantes de silencio cuxo protagonismo asumiron os ollos esforzándose por detectar aquela outra realidade que se poidese agochar baixo a fermosura aparente.

-A min gustaríame vivir eiquí, vocalizou con voz entrecortada Bieito por medo a ser corrixido severamente pola nena.

-No sabes lo que dices! Siempre la misma gente, la misma vida, las mismas normas,...los mismos límites!

-Que límites?


-Estos, los que marcan estas vallas, no las ves? De aquí no podemos salir, no salimos nunca, solo en vacaciones, una vez al año... una mierda, esto es un agobio! Quando paso por Frías y os veo jugando en libertad, sucios, felices, vivos... con tu perra, tus vacas y tu carro: me dais mucha envidia!

-...Pois eu, eu... envéxovos a vós! ... A min gustaríame vivir eiquí, así! ... Alí só quedo eu e mailo meu irmau pequeniño; sentiríame mui só se non fose pola cadela!

-Tu no sabes muy bien lo que dices! Pero no importa, algún día podrás valorar lo que tienes, lo que perdimos y lo que realmente es importante...! Te invito a un bollicao, quieres?

-Vale, ...xa non me acordo quando comí o último nun recreo do colexio da Mezquita!

Sentaron xunto ao río. A carón dunha fervenza. Falaron e falaron, intercambiaron todo un mudo de vivenzas e inqedanzas e degustaron o bolo recheo de cacao. Ben, foi Bieito máis ben quen o saboreou en toda a súa inmensidade, xa que a mociña tirou máis da metade, en diversos anaquiños, ás bogas que colonizaran o río dende a chegada do encoro.



-Vas a volver otro día? ...vuelve, vuelve porfi! Me he divertido mucho, aquí me aburro, estes niños son muy tontos y pegones!

-Si, si! Claro, claro! Mañá volvo e apréndesme a xogar ao bamiton ese!

-Vale, vale! ...Y de paso planificamos como liberar al lobo y a los demás, acuérdate!

-Tranquila, non me “esquezo”, non! Bieito xogou con esta palabra, enmarcándoa cunhas aspas que debuxou cos seus dedeiros no ar, para crear un alo de complicidade e rexeitamento sobre de aquela cruel instalación! Ese xogo levounos a uns intres de contaxiosas e incesantes risas!

Cando Bieito comezara a pedalear, con certa desgana, escoitou un chamamento decidido da nena: -Eh! Bieito! ...mañana me traerás un poco de tocino?

-De que?

-De tocino, del tocino ese!! ...y a cambio te daré bollicaos, todos los bollicaos que quieras!!

-Vale, vale! Paréceme ben... perfecto!

-Ah, por cierto, berrou a nena dende a distancia que os iba afastando, me llamo Ángela, pero a partir “de hoxe quero que me chames Xela, entendiches”?

-jejeje... Si, perfecto! Asentiu Bietiño cheo de felicidade mentras desaceleraba a marcha para poder escoitala claramente.

Comezou Bieito a pedalear de novo. Desta vez cun obstinado empeño que endexamais sentira! Desexaba alcanzar a máxima velocidade de volta, pretendendo que esa celeridade o transportase, o máis rápido posíbel ao día seguinte, reducindo a noite a ese instante fugaz similar ao tempo que invisten as perseidas en percorrelo cristalino ceo de Frías; que ben sendo algo parecido á velocidade ca que viaxa o touciño!